



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## ANUNCIO

### RESULTADOS DEFINITIVOS

Convocatoria de selección para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de 1 peón forestal encargado/a do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B) 2024. (Expediente TEDeC: 2024/E001/000007)

1 PEÓN FORESTAL MOTOBOMBA	DNI	PRÁCTICA (mín. 3 puntos/má x. 6 puntos)	Fase concurso (Máx. 4 punto)				Total (Máx. Fase concurso o 4 puntos)	TOTAL (Máx 10 puntos) (PRACTICA+ FASE CONCURSO)
			Exp. Laboral (Máx, 1 punto)	Curso s (Máx. 1 punto)	CELGA (Máx. 1 punto)	TEMPO EN DESEMPRE GO (máximo 1 punto)		
Adrián Souto Castro	*****431*	5	1	0	0	0,25	1,25	6,25

Titulares: Adrián Souto Castro

Suplentes: Non hai

#### Presentación de documentos polos aspirantes propostos como titulares

A persoa aspirante proposta, achegará no prazo máximo de 1 día hábil, contado a partir do día seguinte á publicación da lista de puntuacións definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/opencms/gl/informacion/>), os documentos seguintes:

- 1º Comunicación do número de afiliación á seguridade social.
- 2º Acreditación de número de conta bancaria expedido pola entidade bancaria.
- 3º Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4º Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

5º Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Boqueixón en modelo facilitado polo concello.

Previamente á contratación da persoa aspirante con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 1) do convenio de colaboración asinado coa Concellería do Medio Rural, o concello de Boqueixón citará aos aspirantes seleccionados para someterase a recoñecemento médico e unha proba de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, polos servizos do Concello.

A persoa aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A persoa aspirante proposto para a contratación ten que cumprir estes requisitos favorablemente.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico e as probas físicas de esforzo, esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, suporá que o aspirante non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

## **RECURSOS:**

Sen prexuízo do período de alegacións establecido na base sétima, contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Adela Lamela Arteaga

A presidenta do tribunal cualificador